

VIXÉSIMO ACORDO DE PRÓRROGA DO CONCERTO SUBSCRITO ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, PUBLICADO POR ORDE DO 18 DE XUÑO DE 2001.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital (30.6.2025)

Dunha parte, don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, actuando en nome e representación deste último en virtude das facultades atribuídas no Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e de conformidade coa Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de colaboración con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra parte, don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, con NIF Q1518001A, que actúa en nome e representación da Universidade en virtude do seu nomeamento polo Decreto 35/2022, do 17 de marzo, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, e do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes recoñécense capacidade legal para subscribir o presente acordo, e para isto,

EXPOÑEN

Por Orde da Consellería de Sanidade do 18 de xuño de 2001 publicouse o Concerto entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde para a utilización das Institucións Sanitarias na investigación e docencia universitarias.

O dito Concerto entrou en vigor o 1 de xullo do 2001.

A cláusula vixésimo cuarta do dito Concerto, establece, respecto da súa vixencia, o seguinte: "A duración deste concerto establécese por un prazo de cinco anos. Sen embargo, os termos deste acordo poden ser revisados por petición de calquera das dúas partes, aínda que as modificacións que se propoñan terán que ser acordadas antes do 30 de xuño de cada ano e non serán efectivas ata o curso seguinte, salvo que se acorde o contrario.

Seis meses antes de que expire a duración do concerto as institucións asinantes terán que decidir respecto da súa prórroga, renegociación ou o seu remate. En caso de non se chegar a un acordo, considerarase automaticamente prorrogado ata o establecemento dun novo acordo”.

Con base na citada cláusula, o Concerto concluíu a súa vixencia inicial o 30 de xuño do 2006, prorrogándose por prazos sucesivos dun ano, sendo a máis recente dende o 1 de xullo de 2024 ata o 30 de xuño de 2025.

Os anteriores acordos de prórroga subscribíronos a persoa titular da presidencia do Servizo Galego de Saúde e a persoa titular da Reitoría da Universidade de Santiago de Compostela, previa autorización do Consello da Xunta de Galicia.

Ao non existir proposta expresa polas partes asinantes acerca do remate deste Concerto, procede formalizar unha nova prórroga.

Polo exposto, ambas as dúas partes

ACORDAN

Primeiro. Prorrogar por un período dun ano o Concerto entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde para a utilización das Institucións Sanitarias na investigación e docencia universitarias, publicado pola Orde do 18 de xuño de 2001, cuxa vixencia inicial máis as prórrogas xa formalizadas finaliza o 30 de xuño de 2025.

Segundo. O custo total da prórroga do Concerto é, inicialmente e a expensas da repercusión nesa contía da actividade que efectivamente se realice polo persoal vinculado ao Concerto obxecto desta prórroga, de catro millóns trescentos oitenta e dous mil seiscentos setenta e seis euros con noventa e cinco céntimos (4.382.676,95 €), correspondendo dous millóns cento noventa e un mil trescentos trinta e oito euros con corenta e sete céntimos (2.191.338,47 €) ao segundo semestre do ano 2025, e dous millóns cento noventa e un mil trescentos trinta e oito euros con corenta e oito céntimos (2.191.338,48 €) ao primeiro semestre do ano 2026, contía que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria 1571/412A/444.0 “Convenios con Universidades”.

O dito importe financia todos os custos de persoal derivados da dispoñibilidade da estrutura

asistencial do sistema sanitario para a docencia pregraduada, posgraduada e continuada dos/as profesionais no dito período e o cumprimento dos diversos acordos e obxectivos asistenciais, docentes e de investigación establecidos no desenvolvemento e execución da presente colaboración.

Terceiro. Este acordo de prórroga entrará en vigor o 1 de xullo de 2025 e rematará a súa vixencia na data de formalización do novo concerto ou, en caso de non asinarse este novo acordo antes, o día 30 de xuño de 2026.

Polo Servizo Galego de Saúde

Pola Universidade de Santiago de
Compostela

D. Antonio Gómez Caamaño

D. Antonio López Díaz